Hedera helix L., 1753

- hedra, areira, hereira, adreira, trepadeira
- hiedra, yedra, enredadera
- huntza
- heura, heura comuna
- ivy
- hera comum



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Apiales**	**Araliaceae**	***Hedera***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Porte arbustivo, tipo liana (planta gabeadora), de follas perennes. Crecemento rápido. Pode acadar os 20 m se ten soporte para gabear. Talo flexible, leñoso nas partes vellas, con raíces adventicias que lle permiten fixarse ás superficies. Follas alternas, brillantes e coriáceas, de textura dura, poden ser lobuladas nas partes xuvenís (3-5 lóbulos) ou ovais nas partes adultas. De cor verde escuro cos nervios máis claros. Flores pequenas, verdosas e amareladas, dispostas en umbélulas. Floración en primavera-verán. Froitos con forma de drupa globosa, cores negras ou azuis escuras. Frutificación en verán.

HÁBITAT

Moi común en bosques húmidos, sebes e paredes sombrías. Preferencia por solos fértiles, ricos en materia orgánica e frescos, ademais de zonas con pouca insolación.

DISTRIBUCIÓN

Europa, Asia e norte de África. Amplamente distribuída por case toda a Península Ibérica e as Illas Baleares.

CURIOSIDADES

Toda a planta, pero en especial os froitos, conteñen saponinas, unha substancia tóxica para os humanos, que pode causar molestias gastrointestinais, mais é comestible para as aves.